Dozón Turismo

dozonturismo.gal

CAMIÑO DE SANTIAGO VÍA DA PRATA

A Vía da Prata chega ó Deza dende Cea e Oseira, variantes que entran polas aldeas castrexas de Amear e A Gouxa. A primeira sae do límite con Piñor (74 quilómetros para a Santiago) e comeza unha costa entre muros e carballos que, convertida en pista forestal, leva ata os cumios serráns.
O ascenso trae novas paisaxes de pastos de montaña e matogueira. No Coto Frío (km 3,3) pásase á vertente do Deza e en rápido descenso acádase O Castro (km 4,6).

A variante de A Gouxa, pasa o Rego de Amear por un camiño arrieiro moi antigo. Dende A Gouxa (km 0,7), pasando o río Asneiros (km 1), chégase a Bidueiros (km 1,8) e San Martiño (2,5), vivas estampas gandeiras de interesante arquitectura tradicional. Chégase á estrada principal e, subindo ata a primeira curva (km 3,1), aproveitaremos unha pista anexa que leva ata O Castro, entrando por beirarrúas de gratas vistas.

As dúas variantes seguen xuntas pola monumental igrexa da "O" (km 5). Tras o polígono industrial (km 5,7), un boscoso camiño lateral á estrada (km 6,3), e logo esta, levan ó alto e capela (km 8,1) de Santo Domingo. No quilómetro 9 unha pista terreira á esquerda ascende ata a Mámoa de Xandín (km 9,6), onde comeza Lalín. Quedan 64 quilómetros para Santiago.

XUNTA DE GALICIA · galicia · Xacobeo 21·22 · GOBIERNO DE ESPAÑA MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA Y ALIMENTACIÓN · FEADER Europa inviste no rural · LEADER · agader AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL

Dozón Turismo

dozonturismo.gal



DENDE OSEIRA / DENDE PIÑOR DE CEA

- Horario: **2 h 30 min** / **2 h 45 min**
- Desnivel de subida: **71 m** / **171 m**
- Desnivel de baixada: **84 m** / **203 m**
- Distancia horizontal: **9,5 km** / **9,6 km**
- Tipo de percorrido: **Travesía** / **Travesía**
- Severidade do medio natural: **1** / **1**
- Orientación no itinerario: **2** / **1**
- Dificultade no desprazamento: **2** / **2**
- Cantidade de esforzo necesario: **2** / **2**

TEMPOS ESTIMADOS SEGUNDO CRITERIO MIDE SEN PARADAS.
CALCULADO SOBRE DATOS DE 2022



Bidueiros (Santa María)	Santo Domingo
42.55839, -8.00253	42.59966, -8.07768
Bidueiros (Santa María)	
42.54326, -8.02383	

XUNTA DE GALICIA · galicia · Xacobeo 21·22 · GOBIERNO DE ESPAÑA MINISTERIO DE AGRICULTURA PESCA Y ALIMENTACIÓN · FEADER Europa inviste no rural · LEADER · agader AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL